



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOURO

Expediente: 2024/G003/000224. Anuncio delegación das funcións da alcaldía dende o 24 de xuño ao 30 de xuño de 2024 ambos os dous incluídos

Delegación das funcións da alcaldía dende o 24 de xuño ao 30 de xuño de 2024 ambos os dous incluídos.

ANUNCIO

O Alcalde, o día 17 de xuño de 2024, ditou a seguinte resolución con número 210/2024:

“RESOLUCIÓN

EXPEDIENTE: 2024/G003/000224. Delegación das funcións da alcaldía dende o 24 de xuño ao 30 de xuño de 2024 ambos os dous incluídos.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 63 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e do artigo 47 apartado segundo do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, sobre substitucións nas funcións de Alcaldía, e ante a miña ausencia da localidade dende o día 24 de xuño ao día 28 de xuño de 2024 ambos os dous incluídos.

Conforme ao disposto nos artigos 47 e 44 do ROF e en virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, sendo competencia de Alcaldía, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Delegar en D. Jesús Martínez Pereira primeiro Tenente de Alcalde as funcións da Alcaldía entre os días 24 e 30 de xuño de 2024, ambos inclusive, producindo os seus efectos a partir das cero horas da indicada data.

SEGUNDO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

TERCEIRO. Publicar a presente resolución no BOP, conforme ao establecido no artigo 44 do ROF e dar traslado deste acordo aos interesados.

Mándao e asínao o señor alcalde Roberto Castro Rocamonde en Touro na data da sinatura electrónica á marxe, do que eu, José López González, secretario-interventor dou fe.”

O que se publica para xeral coñecemento.

Touro, 17 de xuño de 2024.

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

2024/4328